



Guide My W@y! Un portal interactivo para a orientación da carreira

Guide My W@y! An interactive Website for career guidance in international youth mobility

Miguel-Anxo Nogueira-Pérez, Cristina Ceinos-Sanz
Universidade de Santiago de Compostela

Resumen

Neste traballo preséntase un Portal Interactivo para a e-Formación na e-Orientación, resultado do desenvolvemento do Proxecto de Investigación Guide My W@y! O seu deseño parte dun estudo de necesidades contextual, apoiado nunha metodoloxía de carácter mixto. Nel aplícase un modelo formativo dirixido a orientadores/as profesionais en activo baseado no Concepto Europeo de Orientación da Carreira, deseñado tamén no marco do Proxecto. Ademais, supón un espazo virtual para a información e o asesoramento da xuventude en expectativa de mobilidade internacional para a súa formación académica, formación profesional ou colocación laboral. Os resultados desta experiencia investigadora axudarán aos profesionais europeos da Orientación a aplicar e mellorar as súas competencias dixitais, así como a promover e desenvolver recursos de aprendizaxe centrados na e-Orientación.

Palabras clave: orientación da carreira, mobilidade internacional, xuventude, e-orientación.

Abstract

This paper presents an Interactive Website for E-Training in e-Guidance, as a result of the Guide My W@y! Research Project development. Its design starts from a contextual study of the needs, supported by a mixed methodology. In it, a training model is applied addressed to active professional counsellors based on the European Career Guidance Concept, also designed within the Project framework. In addition, it provides a virtual space for information and advice of young people with international mobility expectation for their academic training, vocational training and job placement. The results of this research experience will help European Guidance Professionals to apply and improve their digital competences as well as to promote and develop learning resources focused on e-Guidance

Keywords: career guidance, international mobility, youth, e-Guidance

Introdución

O impacto tecnolóxico a todos os niveis, e a consecuente irrupción de múltiples recursos innovadores

que caracterizan á Sociedade da Información, non foi alleo ao ámbito da Orientación da Carreira, no cal, de forma progresiva, foise dispoñendo de recursos específicos, así como un maior número de experiencias levadas a cabo a través das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC), xerando, por conseguinte, novos escenarios de orientación, coñecidos, entre outras denominacións, como e-Orientación (Pantoja, 2004). A principal finalidade desta modalidade de orientación céntrase en incrementar as súas posibilidades no espectro electrónico, impulsado por internet, cunha predominancia do procesamento dixital da información, comunicación e do coñecemento (Watts e Dent, 2008), así como favorecer a posibilidade de ofrecer maior axuda e asesoramento a un colectivo de persoas moito máis amplo, superando barreiras espazo-temporais (Offer, 2002).

Así mesmo, non deben obviarse as transformacións producidas na esfera social, cultural, económica, política, laboral e educativa, que están a xestar unha sociedade na que a formación e a orientación ao longo da vida das persoas adquire gran relevancia de cara a favorecer a súa adaptación ás esixencias da nova realidade sociocultural, persoal e profesional conformada (Sobrado e Ceinos, 2011).

Do mesmo xeito, tampouco debe deixarse en segundo plano a actual situación económico-laboral de moitos países que forman parte da Unión Europea, caracterizada, entre outros aspectos, pola existencia dunha crise profunda e prolongada no tempo, o que supón a existencia de elevadas taxas de desemprego, afectando especialmente á mocidade (Berlingieri, Bonin e Sprietsma, 2015; Comisión Europea, 2014), non debendo obviar que este grupo da poboación constitúe un dos piares fundamentais do futuro de cada un dos estados membros en particular, así como de Europa en xeral (De Marco e Sorando, 2015).




Figura 1. Esquema procesual do Proxecto Guide My W@y!

Neste senso, na última década, as estratexias de emprego propostas polo Parlamento Europeo e Consejo de la Unión Europea (2001, 2006) téñense orientado cara a consecución dunha poboación activa, cualificada e apta para a mobilidade e a libre circulación entre os diferentes estados membros. Nos últimos anos, debido, especialmente, á citada crise económica, as organizacións empresariais e profesionais recorreron a fórmulas laborais diferenciadas das propias de momentos de bonanza económica, sendo frecuentes as contratacións temporais, novas formas de emprego máis precario, maior flexibilidade nos despedimentos, etc., que teñen afectado, principalmente, ao colectivo da mocidade, así como aos traballadores/as de maior idade. A esta situación, deben engadirse tamén os aspectos que caracterizan hoxe en día aos procesos de inserción profesional da xuventude, producida cada vez de forma máis tardía e dificultada por períodos de traballo breves, en alternancia con situacións de desemprego e emprego laboral precario ou viceversa (Eme, 2006).

Nun contexto como o que se acaba de describir, é preciso o coñecemento e proxección de investigacións que favorezan o desenvolvemento da e-Orientación (Sobrado, Ceinos, Rodicio e Ocampo, 2014). É aquí onde se enmarca a experiencia investigadora recollida neste traballo, no que se presenta o resultado do deseño dun Portal Interactivo de e-Aprendizaxe para a e-Orientación na mobilidade internacional da mocidade, realizado desde o Proxecto Guide My W@y! A European Guidance Counselling Concept for International Youth Mobility, composto por institucións de seis países da Unión Europea:

- Universidade de Santiago de Compostela e Rede EURES, Vigo, España.
- Rede EURES República Checa e Universidade de Masaryk, Brno, República Checa.
- Kaunas University of Technology, Lituania.
- Wojewodzki Urząd Pracy w Katowicach, Polonia.

- University of Applied Labour Studies of the Federal Employment Agency (HdBA), Mannheim, Alemaña (coordinación xeral).

O Portal resultante, inclúe, en liñas xerais, diversos módulos formativos, baseados no Concepto Europeo de Orientación da Carreira (CEOC), tamén deseñado no seo do proxecto, os cales han de servir de guía no proceso de auto-aprendizaxe interactiva a realizar polos orientadores europeos, favorecendo, desta forma, a capacitación necesaria para o desenvolvemento de accións de e-Orientación co colectivo de mozos e mozas dispostos a participar en accións de mobilidade de carácter internacional.

A continuación afóndase no proceso seguido no deseño do Portal Interactivo.

Metodoloxía

O proceso de traballo seguido, apoiado nunha metodoloxía de carácter mixto (ver Figura 1), tivo o seu punto de partida na definición do CEOC, no cal se asentaría o posterior deseño do Portal de e-Aprendizaxe para a e-Orientación.

A concreción do CEOC comprendeu a definición dos contidos do construto e a súa estrutura metodolóxica. En canto aos seus contidos, analizáronse de forma exhaustiva os enfoques actuais en termos de conceptos de asesoramento e orientación, desenvolvementos polos orientadores/as dos países socios participantes, especializados en Orientación Profesional Internacional, tendo especialmente como referente o concepto de asesoramento da Axencia Federal de Emprego de Alemaña (“BeKo”-Beratungskonzeption- Rübner e Sprengard, 2011).

Así mesmo, e coa finalidade de coñecer as necesidades dos profesionais da orientación (EURES/euro-orientadores), realizouse un estudo cuantitativo baseado na aplicación dun cuestionario Delphi a 177 suxeitos dos países participantes no proxecto (agás Lituania), partindo das dimensións preliminares que haberían compoñer a estrutura metodolóxica para a orientación na mobilidade internacional da xuventude (Iuga, 2015).

Finalmente, desenvóléronse diferentes seminarios virtuais centrados no debate cos Orientadores/as EURES, que servirían como referente para a elaboración da versión definitiva dos diferentes módulos de contido interactivo a desenvolver na formación a través da web interactiva deseñada pola Kaunas University of Technology (Lituania).

Resultados

Os resultados do proceso descrito con anterioridade materialízanse na concreción do CEOC e a súa implantación no programa formativo desenvolto a través do Portal Interactivo de e-Aprendizaxe para a e-Orientación deseñado, e que se describe a continuación (Figura 2).

O Portal, na súa páxina inicial, <http://www.guidemyway.eu>, presenta diferentes perfís de acceso: mocidade / orientador@s / formación en e-Orientación.




Figura 2. Estrutura do portal interactivo.

Centrándonos na sección de **formación en e-Orientación** (e-guidance training), cabe salientarse que esta foi concibida para favorecer a auto-aprendizaxe dos e das profesionais da Orientación a traballar con mocidade en expectativa de mobilidade internacional. Na súa páxina inicial, realízase unha introdución do concepto de e-Orientación manexado desde o Guide My W@y!, onde destaca como obxectivo a fusión da orientación coas novas tecnoloxías (interactividade, portal autodidáctico), así como a aprendizaxe dixital por medio da aula virtual e diálogos simulados de asesoramento, cun carácter aberto, eficiente e de baixo custo económico, polo que se converte nunha boa oportunidade de aprendizaxe para os profesionais da orientación.

Nesta mesma páxina inicial, móstranse tres seccións que dan forma ao Portal de e-Aprendizaxe, e que seguidamente se detallan.

Estrutura do concepto de e-Orientación

A estrutura presentada permite organizar as fases (dúas de enmarcación e tres centrais) nas que se desenvolverán os diálogos de asesoramento:

- 1) Apertura (enmarcación): estímulo inicial, explicación de intereses e obxectivos e estruturación do diálogo co cliente.
- 2) Análise da situación (central): avaliación da situación do cliente.
- 3) Definición do obxectivo (central): obxectivos “intelixentes”.
- 4) Aplicación (central): estratexias de solución.
- 5) Conclusión (enmarcación): resumo.

Estas cinco fases, especialmente as centrais, adaptaranse a cada tema dos módulos de contido (salvo o de didáctica), os cales se describen a continuación.

Contidos do concepto de e-Orientación

Nesta sección do Portal, preséntanse os seguintes

módulos de contido:

- 1) *Metodoloxía de Orientación para a Carreira*: inclúense as preguntas básicas de orientación (abertas, pechadas, escalares...) a realizar na práctica profesional, seguindo as cinco fases citadas na estrutura do concepto de e-Orientación. Ofrécese, ademais, un fluxograma de acción, ferramentas e información de utilidade (institucións, webs, redes, etc., de cada país participante).
- 2) *Elección da Carreira e Orientación*: capacita aos orientadores/as para axudar aos mozos e mozas a facer a súa propia elección da carreira.
- 3) *Perfil*: ofrece formación para axudar a definir tanto as cualificacións, as fortalezas e recursos do cliente, necesarios para ir ao estranxeiro, como posibles necesidades de axuda.
- 4) *Recoñecemento de Certificados*: prepara no asesoramento sobre os procedementos nacionais para o recoñecemento das titulacións do cliente no estranxeiro.

- 5) *Asuntos Legais*: cualifica para axudar ao cliente na súa familiarización coas diferentes regulacións con respecto á situación xurídica, os temas de seguridade social e de seguro de saúde do país anfitrión.
- 6) *Cuestións Interculturais*: prepara para axudar ao cliente a familiarizarse coas diferentes condicións culturais no estranxeiro (idioma, custo da vida e cuestións relacionadas coa integración social).
- 7) *Colocación/Inserción Laboral*: capacita no apoio á colocación do cliente en función do seu perfil e necesidades.
- 8) *Didáctica*: introdúcense aspectos didácticos no ámbito da orientación profesional, tendo especialmente en conta o uso das TIC (teléfono, Skype, chat, e-mail, foros, aulas virtuais, etc).

Todos estes módulos desenvólvense mediante diferentes tipos de actividades interactivas (completar palabras, xogos, cuestionarios, etc.) e recursos audiovisuais (vídeos e audios con exemplos de diálogos simulados), que pretenden favorecer a auto-aprendizaxe e a auto-avaliación dos orientadores/as.

Conclusiones

A partir do Proxecto Guide My W@y! buscouse dar resposta ás demandas existentes por parte dos profesionais da orientación europeos no que respecta aos procedementos, tarefas e accións a desenvolver no seu quefacer diario, fundamentalmente, no referido á mobilidade internacional da mocidade.

Un dos factores innovadores do Proxecto radicou na incorporación das TIC (portal interactivo, ferramentas e espazos para a aprendizaxe virtual), concibidas como unha oportunidade para desenvolver novas competencias, así como para brindar oportunidades de aprendizaxe eficientes e equitativas para os orientadores/as europeos.

Tratouse, polo tanto, de responder aos obxectivos da Estratexia Europea 2020 (Comisión Europea, 2010), introducindo ferramentas tecnolóxicas para a Orientación, favorecendo a competitividade dos orientadores/as e promovendo maiores oportunidades de formación profesional e emprego a través do impulso de accións de mobilidade internacional.

En conclusión, o resultado desta experiencia investigadora axudará aos profesionais europeos da Orientación a aplicar e a mellorar as súas competencias dixitais, así como a promover e a desenvolver recursos de aprendizaxe centrados na e-Orientación, realizando a súa difusión a través de dispositivos móbiles e medios de comunicación social

Referencias

Berlingieri, F., Bonin, H. e Sprietsma, M. (2015). Desempleo juvenil en Europa. Evaluación y opciones políticas. Resumen. Stuttgart: Robert Bosch Stiftung.
 Comisión Europea (2010). Europa 2020. Una estrategia para un crecimiento inteligente, sostenible e integrador. Bruselas: Comisión Europea.

Council of the European Union (2004). Strengthening Policies, Systems and Practices on Guidance throughout Life. 9286/04 EDUC 109 SOC234.
 Council of the European Union (2008). Better Integrating Lifelong Guidance into Lifelong Learning Strategies. 2905th Education, Youth and Culture Council meeting, Brussels, 21 November 2008.
 De Marco, S. e Sorando, D. (2015). Juventud necesaria: consecuencias económicas y sociales de la situación del colectivo joven. Madrid: Consejo de la Juventud de España.
 Eme, B. (2006). Sociologie das logiques d'insertion. París: HDR de Sociologie.
 Iuga, E. (Ed.) (2015). Guide My W@y! –A European Guidance Counselling Concept for International Youth Mobility. Evaluation Report of the questionnaire. Mannheim: University of Applied Labour Studies (HdBA).
 Offer, M. (2002). Getting Started with the Internet in adult guidance. Cambridge: NICEC.
 Pantoja, A. (2004). La intervención psicopedagógica en la sociedad de la información: educar y orientar con nuevas tecnologías. Madrid: EOS.
 Parlamento Europeo y Consejo de la Unión Europea (2001). Recomendación 2001/603/CE de 10 de julio de 2001 relativa a la movilidad en la Comunidad de los estudiantes, las personas en formación, los voluntarios, los profesores y los formadores. Diario Oficial de las Comunidades Europeas, N° 215 del 9 de agosto de 2001.
 Parlamento Europeo y Consejo de la Unión Europea (2006). Recomendación 2006/961/CE de 18 de diciembre de 2006 relativa a la movilidad transnacional en la Comunidad a efectos de educación y formación: Carta Europea de Calidad para la Movilidad, Diario Oficial de las Comunidades Europeas, N° 395 del 30 de diciembre de 2006.
 Rübner, M. e Sprengard, B. (2011). Beratungskonzeption der bundesagentur für arbeit – Grundlagen. Nürnberg: Bundesagentur für arbeit.
 Sobrado, L. M. e Ceinos, C. (2011). Tecnologías de la Información y Comunicación. Uso en Orientación Profesional y en la Formación. Madrid: Biblioteca Nueva.
 Sobrado, L. M., Ceinos, C., Rodicio, M^a. L. e Ocampo, C. (2014). E-Guidance for career: a new scenario of innovation and help. En J. Górnica y D. Kukla (Ed.), Vocational Counselling: changes and challenges on the labour market (pp. 217- 237). Czestochowa: University in Czestochowa.
 Watts, A. e Dent, G. (2008). The evolution of a national distance guidance service: Trend and challenges. British Journal of Guidance and Counselling, 36(4), 455-465.